Halimium lasianthum subsp. alyssoides (< H. alyssoides) (Lam.) Greuter, 1984

- carqueixa boieira
- carpaza amarilla, carpanzo, carpazo, jaguarzo
-
- carroucha, carqueixa boieira
- yellow rockrose
- sargaça, sarganho-moiro



ESTADO DE CONSERVACIÓN

Sen avaliar

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Magnoliophyta	**Magnoliopsida**	**Malvales**	**Cistaceae**	***Halimium***

ORIXE

Sur de Europa e norte de África.

CARACTERÍSTICAS

Subarbusto ou arbusto compacto, decumbente ou erecto, ás veces case pulvinado. Follas das pólas estériles de 5-40 × 3-12 mm e as das pólas fértiles de 6-40 × 2,5-15,5 mm. As flores agrúpanse en inflorescencias máis ou menos densas, cun pedúnculo curto que leva 2 ou 3 flores. Pedicelos da inflorescencia vilosos, con pelos unicelulares simples de ata 1,5 mm de longo e ocasionalmente con pelos glandulares multicelulares simples, avermellados. O froito é unha cápsula ovoide, de 5 a 8,5 mm de longo, cuberta de pelos fasciculados, estrelados e simples, e encerrada dentro do cáliz. No seu interior hai sementes de 1 a 1,5 mm de diámetro, de cor marrón negra e tuberculadas. Florece de marzo a agosto.

HÁBITAT

Breixeiras ou, como excepción, rochedos e subsolo de bosques de piñeiros, en solo húmido, silíceo ou areoso.

DISTRIBUCIÓN

Cuadrante noroeste da Península Ibérica e sueste de Francia.

CURIOSIDADES

Pode ser permanente en cantís costeiros sometidos a frecuentes tormentas mariñas.